

mos a que fai referencia o artigo 3.2. da Lei 50/1985, minorarase o importe dos incentivos no exceso obtido sobre os topes máximos do investimento aprobado.

6. Se o incumprimento derivar da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos anteriores, o seu alcance, total ou parcial, será determinado en función do grao e da entidade da condición incumprida.

7. A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á súa apreciación conxunta para determinar o alcance do incumprimento.

Para estes efectos, o alcance do incumprimento, en tanto por cento, obterase restando de 100 o produto do grao de cumprimento, en tanto por cento, de todas e cada unha das condicións.

8. Cando o alcance do incumprimento sexa total aplicando o establecido nos números anteriores, non procederá recoñecer subvención ningunha ao beneficiario, e procederá, se for o caso, o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora correspondentes.

Nos demais casos, a subvención procedente que se recoñeza ao beneficiario obterase reducindo a subvención concedida na porcentaxe do alcance do incumprimento, e procederá, se for o caso, o reintegro das cantidades percibidas en exceso e a exixencia dos xuros de mora correspondentes.

XEFATURA DO ESTADO

13969 *CORRECCIÓN de erros da Lei orgánica 1/2007, do 28 de febreiro, de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears. («BOE» 173, do 27-7-2007.)*

Advertido erro na Lei orgánica 1/2007, do 28 de febreiro, de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 16 de marzo de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 905, primeira columna, na disposición transitoria quinta, a referencia feita ao artigo 69 debe entenderse feita ao artigo 70.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

13973 *ORDE ITC/2212/2007, do 12 de xullo, pola que se establecen obrigas e requisitos para os xestores de múltiples dixitais da televisión dixital terrestre e pola que se crea e regula o rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre. («BOE» 173, do 20-7-2007.)*

O Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, efectúa a regulación dos aspectos técnicos necesarios para a implantación e desenvolvemento da televisión dixital terrestre de ámbito estatal e autonómico, mentres que a correspondente á televisión dixital terrestre de ámbito local se realizou mediante o Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, polo que se aproba o Plan técnico nacio-

nal da televisión dixital local, modificado polo Real decreto 2268/2004, do 3 de decembro. Con estes reais decretos, entre outras medidas, o Goberno deu cumprimento ao compromiso de impulsar a implantación da televisión dixital terrestre (TDT).

A disposición adicional sexta do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, e a disposición adicional terceira do Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, regulan a xestión da múltiple da televisión dixital terrestre. Deste xeito, as entidades que accedan á explotación de canles dentro dunha mesma múltiple dixital, sen prexuízo do dereito exclusivo á súa explotación, deberanse asociar entre si para a mellor xestión de todo o que afecte a múltiple dixital no seu conxunto ou establecer as regras para esa finalidade.

A disposición derradeira segunda de ambos os reais decretos prevé que o ministro de Industria, Turismo e Comercio poida ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido naqueles.

Mediante esta orde establécense obrigas de carácter técnico que deben asumir as entidades que se constitúan como xestores de múltiples de televisión dixital terrestre, co obxectivo de garantir a interoperabilidade dos servizos de televisión, de transmisión de datos e interactivos, de acordo co establecido no artigo 18 da Directiva 2002/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas, a posta á disposición dos ditos servizos aos usuarios ou telespectadores e a mellora na eficacia do uso e explotación do largo de banda da múltiple dixital, de acordo co establecido no artigo 6 da Directiva 2002/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas.

Así mesmo, establécese a obriga por parte dos xestores de múltiples dixitais de se inscribiren no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre que se crea en virtude desta orde.

Por outro lado, a televisión dixital terrestre non só constitúe unha mellora tecnolóxica na prestación do tradicional servizo de televisión, senón que se pode afirmar que é outra modalidade de televisión que permite prestar servizos adicionais distintos do de televisión, como os servizos de transmisión de datos e servizos interactivos. Así, o punto 4 da disposición adicional quinta do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, e o artigo 6 do Real decreto 439/2004, do 12 de marzo, permiten que a capacidade de transmisión da múltiple dixital se poida utilizar para prestar servizos adicionais distintos do de difusión de televisión, como os de difusión de audio, transmisión de ficheiros de datos e aplicacións, actualizacións de software para equipamentos, entre outros, ben que en ningún caso se poderá utilizar máis do 20 por cento desa capacidade de transmisión da múltiple dixital para a prestación dos ditos servizos.

Así mesmo, o citado Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, na súa disposición adicional novena, establece a necesidade de crear un rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre. A xestión do dito rexistro e asignación de parámetros corresponderalle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Noutra orde de cousas, a prestación de servizos de televisión dixital terrestre exige a correcta implementación e uso da denominada «Información de servizo DVB». Esta información consiste nun conxunto de parámetros organizados en táboas, que inclúen descritores e identificadores das transmisións dixitais existentes, así como das súas características técnicas e do seu contido, permitindo a sintonización automática, a desmultiplexación e a descodificación dos programas de forma transparente ao usuario.

A normalización no ámbito dos servizos de televisión dixital terrestre será realizada polo Digital Video Broadcasting Group (DVB), adoptando o Instituto Europeo de Normalización das Telecomunicacións (ETSI) as especificacións aprobadas no seo deste grupo. No ámbito da información de servizo para sistemas DVB aprobouse a norma ETSI EN 300 468 (Radiodifusión de Vídeo Dixital (DVB); Especificación para a Información de Servizo (SI) en sistemas DVB) complementada cos informes técnicos ETSI TR 101 211 (Radiodifusión de Vídeo Dixital (DVB); directrices para a implementación e uso de Información de Servizo (SI)) e ETSI TR 101 162 (Radiodifusión de Vídeo Dixital (DVB); Asignación de códigos de Información de Servizo (SI) para sistemas de Radiodifusión de Vídeo Dixital (DVB)).

Debido ao grao de liberdade que deixan estas normas, o que pode dar lugar a distintas implementacións, nestes documentos normativos recóllese a necesidade de establecer un sistema de xestión de parámetros para a identificación dos distintos servizos para ser prestados mediante a televisión dixital terrestre, de xeito que os receptores sexan capaces de identificalos, recoñecelos e xestionalos e resolver, xa que logo, correctamente a problemática da navegación a través da previsible oferta futura de servizos dixitais dispoñibles.

De conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei 32/2003, do 3 novembro, xeral de telecomunicacións, esta orde foi coñecida e o Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, que emitiu informe sobre ela, o que equivale á realización do trámite de audiencia regulado polo artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Así mesmo, a orde que se aproba foi obxecto de informe polo Ministerio de Economía e Facenda e pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde o establecemento das obrigas e requisitos para os xestores de múltiples dixitais da televisión dixital terrestre e a creación e regulación do Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre.

CAPÍTULO II

Obrigas do xestor da múltiple dixital

Artigo 2. *Xestor da múltiple dixital de televisión dixital terrestre.*

1. Para os efectos desta orde, entenderase por xestor da múltiple dixital de televisión dixital terrestre a entidade encargada da organización e coordinación técnica e administrativa dos servizos e medios técnicos, xa sexan compartidos entre distintas entidades habilitadas ou de titularidade exclusiva dunha soa delas, que deban ser utilizados para a adecuada explotación das canles dixitais que integran a dita múltiple dixital.

2. A actividade de xestor da múltiple dixital poderana exercer:

a) En todo caso, operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas inscritos no Rexistro de Operadores dependente da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, logo de acordo libremente adoptado entre estes e as persoas físicas ou xurídicas que dispoñan do

título habilitante para a prestación do servizo de televisión dixital terrestre e que obtivesen o dereito de uso do dominio público radioeléctrico correspondente da Administración xeral do Estado, de conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 42 da Orde do Ministerio de Fomento do 9 de marzo de 2000, pola que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao dominio público radioeléctrico.

b) No caso de que exista un único titular do dereito de uso do dominio público radioeléctrico correspondente á totalidade da múltiple dixital, o dito titular en réxime de autoprestación.

c) No suposto en que existan distintos titulares de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico dentro dunha mesma múltiple dixital e cando un dos operadores non acordase o exercicio da actividade a que se fai referencia na letra a) anterior, os ditos titulares poderán establecer de mutuo acordo a fórmula para a xestión da múltiple, ben mediante a constitución dunha persoa xurídica ou outra alternativa pero, en todo caso, sen ánimo de lucro e en réxime de autoprestación, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 32/2003, do 3 novembro, xeral de telecomunicacións.

3. En todo caso, a utilización da capacidade adicional existente dentro da múltiple dixital para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas exixirá que o prestador dos ditos servizos estea inscrito no Rexistro de operadores dependente da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 3. *Requisitos exixibles para exercer a actividade de xestor da múltiple dixital de televisión dixital terrestre.*

Sen prexuízo do cumprimento das obrigas establecidas no Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, o xestor da múltiple dixital deberase, con anterioridade ao inicio da actividade, inscribir no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre que se crea mediante esta orde, e cumprir coas obrigas adicionais establecidas no artigo seguinte dela.

Artigo 4. *Obrigas de carácter técnico dos xestores de múltiples dixitais de televisión dixital terrestre.*

Sen prexuízo do acordo que as partes puidesen alcanzar, o xestor da múltiple dixital debe asumir, como mínimo, as seguintes obrigas de carácter técnico:

a) Coordinar os aspectos técnicos cos operadores de rede de recollida, de transporte e de difusión de sinais de televisión dixital terrestre para as distintas zonas de servizo, en función do ámbito de cobertura das concesións de canles dixitais que integran a múltiple dixital.

b) Pór á disposición as instalacións técnicas de codificación e multiplexación das compoñentes de vídeo, audio e datos, incluídos os correspondentes aos servizos interactivos provenientes das diferentes entidades habilitadas.

c) Xerar e integrar a información de servizo requirida elaborando as táboas de Información de Servizo DVB necesarias para a correcta difusión da múltiple dixital de acordo coa normativa de aplicación, cos parámetros definidos ao respecto, e respectando os valores asignados e rexistrados no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre cuxa xestión lle corresponde á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

d) Pór a disposición os medios técnicos necesarios para a inserción na múltiple dixital da información de servizo de carácter común da múltiple dixital e a particular

das canles dixitais de cada unha das entidades habilitadas, se é o caso.

e) Prover os medios técnicos necesarios para a inserción na múltiple das aplicacións e servizos interactivos de cada entidade habilitada, se é o caso.

f) Prover os medios técnicos necesarios para a inserción na múltiple dos servizos de actualización do software dos equipamentos terminais de televisión dixital terrestre de usuario final, en función dos acordos que se establezan coas entidades habilitadas, se é o caso.

g) Realizar a remultiplexación de contidos de ámbito inferior ao estatal ou autonómico, segundo corresponda, que permita levar a cabo as desconexións territoriais no suposto de que a dita funcionalidade sexa requirida polas entidades habilitadas sempre que se trate de redes planificadas coa dita capacidade de desconexión.

h) Realizar a multiplexación estatística dos sinais das diferentes entidades habilitadas coa finalidade de optimizar a calidade do sinal de vídeo ofrecida ao usuario final, sempre e cando se acordase cos ditos prestadores.

i) Controlar os compoñentes de vídeo, audio e datos, incluídos os correspondentes aos servizos interactivos, das canles dixitais multiplexadas, así como da sinalización correspondente.

j) Detectar os erros ou deficiencias e manter os parámetros de calidade no sinal recibido dos prestadores de servizos audiovisuais ou no entregado á rede de distribución, en función dos obxectivos de calidade de servizo acordada coas ditas entidades.

CAPITULO III

Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre

Artigo 5. Obxecto do Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre.

1. Créase o Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre que ten carácter administrativo, é de ámbito estatal, depende da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e cuxa levanza corresponderá, nos termos establecidos nesta orde, ao órgano que determinen as normas reguladoras da dita comisión.

2. O Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre ten como obxecto a inscrición e modificación dos parámetros de información de servizo necesarios e os datos complementarios, se é o caso, de forma que se asegure o uso correcto da información de servizo DVB.

3. Serán obxecto de rexistro:

a) Os xestores de múltiples dixitais da televisión dixital terrestre xunto cos datos relativos a eles relacionados no artigo 7.2.

b) As entidades habilitadas para a explotación de canles dixitais xunto cos datos relativos a elas relacionados no artigo 7.2.

c) Os valores asignados dos parámetros de información de servizo da televisión dixital terrestre denominados identificador de rede, identificador de trama de transporte e identificador de servizo, cuxas definicións se recollen no apéndice desta orde, xunto cunha serie de datos específicos para cada un deles e que se recollen no anexo I desta orde.

4. A inscrición no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre terá carácter declarativo.

Artigo 6. Estrutura do rexistro.

1. No rexistro levaranse libros de rexistro coa dilixencia de apertura asinada polo presidente da Comisión do

Mercado das Telecomunicacións e con expresión dos folios que conteñen, que estarán numerados, selados e rubricados.

2. Para o parámetro denominado identificador de rede abriase un único folio. O dito folio irá seguido de cantos outros sexan necesarios, ordenados, pola súa vez, con indicación do número que correspondese ao folio inicial, seguido doutro que reflectirá o número correlativo de folios que se precisen para a inscrición das modificacións que procedan.

3. Para o resto de parámetros abriase, en principio, un folio por cada xestor da múltiple ou entidade habilitada, segundo corresponda.

A cada xestor da múltiple ou entidade habilitada asignaráselle no libro correspondente un número de inscrición que será o folio en que se inscriba. O dito folio irá seguido de cantos outros sexan necesarios, ordenados, pola súa vez, con indicación do número que correspondese ao folio inicial, seguido doutro que reflectirá o número correlativo de folios que se precisen para a inscrición das modificacións que procedan.

4. Poderanse utilizar libros auxiliares, arquivos, cadernos ou mazos que o encargado do rexistro considere oportunos para o seu bo funcionamento.

5. Todo o previsto nos puntos anteriores poderá ser realizado por medios informáticos, sempre que estes contén co correspondente soporte documental.

Artigo 7. Inscrición no rexistro.

Nas inscricións deberanse rexistrar os datos que se inclúen a continuación:

1. Para o caso do parámetro identificador de rede as inscricións realizaraas de oficio a Comisión do Mercado das Telecomunicacións cando sexa necesario e de acordo coa implementación dos plans técnicos nacionais da televisión dixital terrestre.

Os datos que se teñen que rexistrar específicos para este parámetro recóllense no anexo I desta orde.

2. Para o resto dos parámetros:

Respecto ao titular, por unha vez en cada libro:

a) Nome e apelidos ou, se é o caso, denominación ou razón social, nacionalidade e domicilio.

b) Datos relativos á inscrición no Rexistro Mercantil, se é o caso.

c) O seu número ou código de identificación fiscal, segundo proceda.

d) O domicilio da persoa inscrita e o sinalado para os efectos de notificacións.

e) O nome e demais datos persoais do seu representante, se é o caso.

f) Nome e apelidos da persoa responsable para os efectos de notificacións.

Cando estes datos xa estivesen inscritos no Rexistro de Operadores a que se refire o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios aprobado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, consignarase unicamente a identificación do xestor da múltiple e unha referencia informativa do lugar de inscrición.

En relación coas asignacións, os datos que se teñen que rexistrar específicos para cada un dos parámetros recóllense no anexo I desta orde.

Cando se poida ver comprometido o segredo comercial ou industrial, os xestores de múltiples e as entidades habilitadas poderán solicitar o adiamento da inscrición da información que poida afectar o dito segredo ata a data de posta en servizo.

3. O titular dos valores asignados será:

- a) O xestor do múltiple para o parámetro identificador de trama de transporte.
- b) A entidade habilitada para o parámetro identificador de servizo.

Artigo 8. *Funcionamento do rexistro.*

No non previsto nos artigos anteriores en relación co funcionamento do rexistro, será de aplicación o disposto no Rexistro de operadores e redes de servizos de comunicacións electrónicas creado mediante o Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.

CAPÍTULO IV

Procedemento de asignación de valores dos parámetros de información de servizo da televisión dixital terrestre obxecto de rexistro por parte da Comisión do Mercado das Telecomunicacións

Artigo 9. *Entidades con dereito á asignación de valores de parámetros de información de servizo.*

1. As entidades habilitadas terán dereito a obter asignacións de valores do parámetro identificador de servizo.
2. Os xestores de múltiples terán dereito a obter asignacións de valores do parámetro identificador de trama de transporte.

SECCIÓN 1.^a IDENTIFICADOR DE REDE

Artigo 10. *Asignación de valores para o parámetro identificador de rede.*

A asignación de valores para o parámetro de información de servizo denominado identificador de rede será feita de oficio pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións cando sexa necesario de acordo coa evolución dos plans técnicos nacionais da televisión dixital terrestre.

SECCIÓN 2.^a IDENTIFICADOR DE TRAMA DE TRANSPORTE E IDENTIFICADOR DE SERVIZO

Artigo 11. *Asignación de valores para os parámetros identificador de trama de transporte e identificador de servizo.*

1. O procedemento para a asignación de valores dos parámetros de información de servizo identificador de trama de transporte e identificador de servizo iníciase por solicitude do interesado.

Os xestores de múltiples deberán solicitar as asignacións de valores correspondentes ao parámetro identificador de trama de transporte e as entidades habilitadas as asignacións de valores correspondentes ao parámetro identificador de servizo.

A solicitude dirixirase á Comisión do Mercado das Telecomunicacións podéndose presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Para ambos os parámetros poderase solicitar a asignación de bloques de valores segundo se detalla no anexo I desta orde.

2. Na solicitude faranse constar, alén dos datos a que se refire o artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os seguintes extremos:

a) Unha xustificación da necesidade dos valores solicitados.

b) O uso previsto dos recursos solicitados, co detalle dos servizos que se van proporcionar no caso de que se trate do parámetro identificador de servizo.

c) O alcance territorial do servizo que se vai prestar cos valores solicitados.

d) A data de posta en servizo dos valores solicitados, que non poderá exceder doce meses desde a súa asignación.

e) Calquera outra información que o solicitante considere oportuna para xustificar a súa solicitude.

3. Xunto coa solicitude deberase acreditar a titularidade da concesión a que se vincula a solicitude de asignación.

Artigo 12. *Emenda de defectos.*

Se a solicitude non reúne os requisitos a que fai referencia o artigo anterior, requirirase o interesado para que emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer no prazo de dez días, terase por desistido de súa petición, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Tramitación de solicitudes.*

1. Os expedientes de asignación incoaranse por orde de presentación de solicitudes.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderase acordar, con carácter excepcional, a prioridade da resolución dos procedementos para a asignación de valores de determinados parámetros en atención á necesidade da súa posta en funcionamento para garantir a posta á disposición dos usuarios dos distintos servizos da televisión dixital terrestre, a interoperabilidade, e a non discriminación entre xestores de múltiples e entidades habilitadas.

2. Os criterios xerais que debe tomar en consideración a Comisión do Mercado das Telecomunicacións para as asignacións de valores dos parámetros de información de servizo serán, preferentemente, os seguintes:

a) A utilización racional dos recursos dispoñibles, co fin de evitar o seu esgotamento prematuro.

b) A garantía de que se respectan os dereitos dos xestores de múltiples e as entidades habilitadas e se evitan situacións discriminatorias entre eles.

c) A idoneidade dos valores asignados para o fin previsto.

d) A compatibilidade entre as asignacións de distintos xestores de múltiples e entidades habilitadas.

e) A compatibilidade coas normas definidas no ámbito do Digital Video Broadcasting Group (DVB) e adoptadas polo Instituto Europeo de Normalización das Telecomunicacións (ETSI).

3. Os criterios específicos de asignación de valores para cada un dos parámetros de información de servizo establecidos nesta orde recóllense no anexo I.

Artigo 14. *Requirimento de información.*

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá solicitar a información adicional que considere necesaria para un mellor coñecemento do uso que o xestor da múltiple ou entidade habilitada vai facer dos valores dos parámetros de información de servizo solicitados para a súa asignación.

2. Igualmente, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, na instrución do procedemento, poderá

solicitar, coa adecuada xustificación, cantos informes sexan necesarios para resolver.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións velará polo mantemento da confidencialidade da información que o xestor da múltiple ou entidade habilitada lle subministre e que poida afectar o segredo comercial ou industrial.

4. En todo caso, as solicitudes de información axustaranse ao disposto no artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, información que se deberá facer pública na medida en que contribúa á consecución dun mercado aberto e competitivo, de acordo co establecido na normativa nacional e comunitaria en materia de segredo comercial e industrial.

Artigo 15. *Trámite de audiencia.*

Instruído o procedemento, darase audiencia aos interesados de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Resolución.*

1. Finalizado o trámite anterior, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións resolverá o outorgamento ou a denegación da asignación solicitada. A resolución motivarase en todo caso.

2. Igualmente, poderá proceder ao seu outorgamento parcial ou realizar unha asignación alternativa de valores de parámetros de información de servizo que, ao seu xuízo, satisfaga as necesidades do solicitante cando o petionario non poida atender o solicitado. Neste caso o órgano competente deberá requirir do solicitante a aceptación, entendéndose outorgada tacitamente se non se formula oposición de forma expresa e no prazo máximo de 10 días naturais.

Artigo 17. *Prazo para resolver e notificar.*

1. O prazo máximo para resolver e notificar sobre o outorgamento da asignación de valores de parámetros de información de servizo será de dous meses desde a entrada da solicitude no rexistro da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. Transcorrido o prazo máximo sinalado no punto anterior sen se ter ditado e notificado resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

Artigo 18. *Recursos.*

As resolucións da Comisión do Mercado das Telecomunicacións polas que se outorgue ou denegue a asignación de valores de parámetros de información de servizo porán fin á vía administrativa. Contra elas, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 19. *Condicións xerais para a utilización de valores de parámetros de información de servizo.*

A utilización de valores de parámetros de Información de Servizo asignados estará sometida ás seguintes condicións xerais:

a) Os valores de parámetros de información de servizo asignados utilizaranse para a prestación dos servizos nas condicións establecidas nos plans técnicos nacionais da televisión dixital terrestre e as súas disposicións de desenvolvemento.

b) Os valores de parámetros de información de servizo asignados deberán ser utilizadas polos titulares das asignacións de forma eficiente e con respecto á normativa aplicable e, en todo caso, antes de que transcorran 12 meses desde a súa asignación.

Artigo 20. *Modificación e cancelación de asignacións pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.*

1. As asignacións terán a consideración de recursos públicos de numeración e, xa que logo, a súa modificación e cancelación non dará dereito a indemnización ningunha para os afectados, de conformidade co establecido no artigo 29 do Regulamento sobre mercado de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración, aprobado mediante o Real decreto 2296/2004, do 10 de decembro.

2. Mediante resolución motivada, e logo de audiencia do interesado nos supostos previstos nas letras b) e c) seguintes, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá modificar ou cancelar as asignacións efectuadas nos seguintes supostos:

a) Por petición do interesado.
b) Cando así o exixan motivos de utilidade pública ou interese xeral, entre os cales se inclúe a necesidade de garantir unha competencia efectiva entre as empresas.
c) Por causas imputables ao interesado, que serán as seguintes:

1.º Cando o titular de valores asignados incumpra a normativa aplicable en materia de parámetros de información de servizo.

2.º Cando, transcorrido o prazo de doce meses desde a súa asignación, o titular de valores asignados non tiver feito uso deles.

3.º Cando se probe que o interesado precisa menos valores de parámetros de información de servizo que os asignados.

4.º Cando se produza a extinción do título habilitante do titular dos valores asignados ou cando fosen modificadas as características da súa concesión.

3. No caso de que un xestor de múltiple cese na súa actividade como xestor para unha determinada múltiple dixital, deberá devolver á Comisión do Mercado das Telecomunicacións o valor do identificador de trama de transporte correspondente á dita múltiple, co obxecto de que esta o poida asignar ao novo xestor.

4. En todo caso, cando un servizo ofrecido por un prestador de servizos cese na súa emisión a través da capacidade de transmisión cedida por unha determinada entidade habilitada, esta deberá devolver á Comisión do Mercado das Telecomunicacións o identificador de servizo asignado para a prestación deste servizo.

Disposición adicional primeira. *Normativa aplicable á información de servizo.*

A xeración e inserción da información de servizo polos radiodifusores e xestores da múltiple deberase facer de acordo coa normativa aprobada polo Instituto Europeo de Normalización das Telecomunicacións (ETSI) e a Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR) neste ámbito e, en particular, coa norma ETSI EN 300 468 (Radiodifusión de Vídeo Dixital (DVB); Especificación para a Información de Servizo (SI) en sistemas DVB) complementada co informe técnico ETSITR 101 211 (Radiodifusión de Vídeo Dixital (DVB); directrices para a implementación e uso de información de servizo (SI)) e a norma UNE 133 300 (Navegación e acceso. Información dos contidos nas emisións de televisión dixital terrestre).

Así mesmo, o consorcio Digital Video Broadcasting (DVB) actúa como autoridade de rexistro dalgúns dos identificadores DVB e ten rexistrados no seu sitio web (www.dvb.org) os valores asignados a estes identificadores.

res. Os ditos valores recóllense na norma ETSITR 101 162 (Radiodifusión de Vídeo Dixital (DVB); Asignación de códigos de información de servizo (SI) para sistemas de radiodifusión de vídeo dixital (DVB)).

Disposición adicional segunda. *Procedemento para a extensión da cobertura da televisión dixital terrestre.*

1. As estacións de televisión dixital terrestre a que se refire a disposición adicional décimo segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional de televisión dixital terrestre, poderanse instalar en zonas de baixa densidade de poboación, de acordo coas condicións establecidas na referida disposición adicional co fin de complementar a cobertura establecida no artigo 6 do mencionado Plan técnico nacional.

2. Para a instalación das ditas estacións de televisión dixital terrestre, os órganos competentes das corporacións locais, de acordo co disposto na disposición adicional décimo segunda do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional de televisión dixital terrestre, presentarán, ante a xefatura provincial de inspección de telecomunicacións correspondente, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas nas letras a) e c), así como a documentación a que se refire a letra f) da citada disposición adicional décimo segunda. Cando a instalación se refira exclusivamente a estacións de televisión dixital terrestre de carácter autonómico ou local, esta tramitación efectuarase a través da comunidade autónoma correspondente.

3. Os proxectos técnicos de instalacións de estacións de televisión dixital terrestre a que fai referencia o punto 1 desta disposición adicional e o protocolo de probas delas, que acompañará o boletín da instalación, axustaranse ao contido, estrutura e modelo que se establecen nos anexos II e III desta orde.

Disposición adicional terceira. *Competencias das comunidades autónomas en materia de rexistro de múltiples dixitais de ámbito territorial autonómico ou local.*

O disposto nesta orde enténdese sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, asumidas nos seus estatutos de autonomía, en materia de rexistro de xestores de múltiples dixitais de ámbito territorial autonómico ou local para efectos declarativos e de coñecemento sobre programación e contidos.

Disposición adicional cuarta. *Inscripción de parámetros de información de servizo a través das comunidades autónomas.*

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional terceira, os trámites para a inscrición de parámetros de información de servizo no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre que se crea mediante esta orde, realizaranse a través da comunidade autónoma correspondente no caso de que se trate de múltiples dixitais de ámbito territorial non superior ao autonómico, para o cal todas as comunidades autónomas deberán trasladar á Comisión do Mercado das Telecomunicacións as solicitudes recibidas.

Disposición adicional quinta. *Número de canle lóxica.*

O descriptor privado número de canle lóxica (Logical Channel Number) definido na norma de CENELEC EN 62216-1:2002 permite a presentación dos diferentes servizos difundidos nun sistema de distribución orixinario na mesma orde a todos os usuarios e identificar variacións rexionais dun mesmo servizo.

Mentres non se regule expresamente a utilización e asignación de valores deste descriptor, as entidades habilitadas, os xestores de múltiples dixitais e os operadores de redes de difusión de sinais de televisión dixital terrestre, absteranse de incluír a súa información nas súas emisións.

Disposición adicional sexta. *Non incrementación do gasto público.*

Os gastos derivados da creación e funcionamento do Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre que se crea mediante esta orde, atenderase cos recursos humanos e materiais de que dispón a Comisión do Mercado das Telecomunicacións e non suporán incrementación do gasto público nin diminución dos ingresos do Estado.

Disposición transitoria primeira. *Dereito á elaboración de guías electrónicas de programación radiodifundidas.*

Durante o escenario de transición da tecnoloxía analóxica á dixital, as entidades habilitadas de ámbito estatal que dispoñan de varias canles dixitais asignadas en distintas múltiples dixitais terán dereito á transmisión da información de servizo necesaria para elaborar guías electrónicas de programación radiodifundidas nas que inclúan todos os seus servizos, logo de acordo co resto de entidades habilitadas de cada unha das múltiples. Estes acordos deberanse celebrar en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias.

Correspóndelle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, logo de informe do órgano competente en materia audiovisual, a resolución vinculante dos conflitos que se poidan suscitar na negociación dos acordos mencionados na epígrafe anterior.

Disposición transitoria segunda. *Período de adecuación.*

As entidades habilitadas e os xestores de múltiples dixitais disporán de 30 días desde a entrada en vigor desta orde para se adecuaren ao establecido nela agás naquilo que dependa da efectiva constitución do Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Disposición transitoria terceira. *Primeira asignación de valores dos parámetros identificador de trama de transporte e identificador de servizo pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.*

En relación cos criterios de asignación de parámetros de información de servizo recollidos no artigo 13 desta orde, no momento da posta en marcha do rexistro e co obxecto de non perturbar as condicións de recepción por parte dos usuarios das distintas canles de televisión dixital terrestre que se veñen emitindo con anterioridade a esta orde, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións deberá solicitar previamente á realización das primeiras asignacións dos parámetros identificador de trama de transporte e identificador de servizo, os valores que están sendo emitidos por parte das distintas entidades habilitadas que estean explotando canles dixitais de televisión dixital terrestre, co fin de mantelos sen modificacións na medida en que sexa posible en canto á súa compatibilidade coas normas definidas no ámbito do Digital Video Broadcasting Group e adoptadas polo Instituto Europeo de Normalización das Telecomunicacións (ETSI).

Disposición derogatoria única. *Derrogación de normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para a actualización dos anexos I, II e III.*

Facúltase o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para actualizar o contido técnico dos anexos I, II e III desta orde. As ditas actualizacións publicaranse no Boletín Oficial del Estado.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao de súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 12 de xullo de 2007.–O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.

ANEXO I

Cráterios específicos de asignación de valores para cada un dos parámetros de información de servizo recollidos nesta orde

1. Identificador de rede

A. Criterios de asignación do parámetro identificador de rede.

1. Para realizar a asignación de valores deste parámetro débense ter en conta os seguintes criterios:

a) Os cinco niveis de ámbito de cobertura ou de desconexión territorial definidos nos plans técnicos nacionais da televisión dixital terrestre:

- 1) Nacional,
- 2) Autonómico,
- 3) Provincial,
- 4) Insular e
- 5) Local.

Así como outros niveis que se puidesen definir nun futuro.

b) Co fin de aproveitar ao máximo o rango de valores asignado á televisión dixital terrestre española polo Digital Video Broadcasting (DVB) Group e recollido na norma ETSI TR 101 162, débense reutilizar valores na súa asignación seguindo un criterio de reutilización similar ao empregado na planificación de frecuencias no ámbito local. Desta forma dúas demarcacións locais coa mesma asignación de frecuencia terán tamén asignado o mesmo valor de identificador de rede.

B. Datos mínimos que hai que inscribir no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre para cada un dos valores do parámetro identificador de rede.

Na inscrición deste parámetro consígnanse os seguintes datos:

- 1) O código decimal do valor do identificador de rede asignado.
- 2) Nome de rede (Network_name_descriptor).
- 3) A descrición da rexión ou zona española correspondente definida de acordo co establecido nos plans técnicos nacionais da televisión dixital terrestre.

2. Identificador de trama de transporte

A. Criterios de asignación do parámetro identificador de trama de transporte.

1. O parámetro identificador de trama de transporte deberá tomar un valor distinto e único para cada unha das múltiples dixitais difundidas distintas entre si en calquera zona do territorio nacional. Enténdese como tal, para estes efectos, cada un dos asignados de acordo cos plans técnicos nacionais de televisión dixital terrestre.

2. Os valores deste parámetro asignaranse por orde de solicitude á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

3. No caso dos xestores de múltiples dixitais que deban realizar desconexións territoriais é recomendable que estes soliciten a asignación dun rango de valores para este parámetro suficientemente amplo co fin de asignar valores consecutivos ás distintas múltiples rexionalizadas de forma que a sinalización resultante sexa o máis ordenada posible.

B. Datos mínimos que hai que inscribir no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre para cada un dos valores do parámetro identificador de trama de transporte

Na inscrición deste parámetro consígnanse os seguintes datos:

- 1) O código decimal do valor do identificador de trama de transporte.
- 2) O código decimal do valor do identificador de rede a que pertence a múltiple dixital.
- 3) Número de inscrición do xestor da múltiple dixital.
- 4) Número de inscrición das entidades habilitadas integrantes da múltiple dixital.
- 5) Referencia á resolución pola cal se outorgou a concesión de forma que o múltiple quede univocamente identificado.
- 6) Os seguintes parámetros relativos ao descritor do sistema de entrega, cuxa definición se recolle na norma ETSI EN 300 468:

Frecuencia central.
Largo de banda.
Prioridade.
Constelación.
Información de xerarquía.
Código convolucional.
Intervalo de garda.
Modo de transmisión.
Identificador de time slicing, se é o caso (só para DVB-H).
Identificador de MPE-FEC, se é o caso (só para DVB-H).

3. Identificador de servizo

A. Criterios de asignación do parámetro identificador de servizo.

1. O parámetro identificador de servizo deberá tomar un valor distinto e único para cada unha das canles dixitais, segundo se definen no Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, e para os servizos distintos do de difusión de televisión como difusión de audio ou os de transmisión de ficheiros de datos e aplicacións que se difundan a través do sistema de distribución orixinario.

2. Existen 65536 valores susceptibles de seren utilizados. Non obstante, este recurso podería nun futuro resultar escaso debido a que non se poden reutilizar valores, polo que a asignación de valores deberase facer con criterios de equilibrio e proporcionalidade.

3. Neste caso, e como consecuencia da natureza dinámica deste parámetro, as entidades habilitadas poderán solicitar xustificadamente a asignación de bloques de valores deste parámetro á Comisión do Mercado das Telecomunicacións para o seu uso, segundo o vaian requirindo.

4. Cando exista risco de esgotamento dos valores asignables do parámetro identificador de servizo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá resolver a reasignación de rangos de valores xa outorgados, sempre e cando se asignen a zonas xeográficas disxuntas.

B. Datos mínimos que hai que inscribir no Rexistro de parámetros de información dos servizos de televisión dixital terrestre para cada un dos valores do parámetro identificador de servizo.

Na inscrición deste parámetro consignaranse os seguintes datos:

- 1) Os códigos decimais do rango de valores asignado do identificador de servizo.
- 2) O código decimal do identificador de trama de transporte a que pertence a canle dixital.
- 3) Número de inscrición da entidade habilitada.
- 4) Referencia á resolución pola cal se outorgou a concesión.
- 5) Descrición da zona onde se difundirán os servizos, definida de acordo co establecido nos plans técnicos nacionais da televisión dixital terrestre.

ANEXO II

Contido e estrutura dos proxectos técnicos de estacións de televisión dixital terrestre da disposición adicional segunda

1. Memoria

O obxecto da memoria é a descrición da instalación da estación ou estacións transmisoras pertencentes a unha rede ou a varias redes de televisión dixital terrestre, para a cal se redacta o proxecto técnico. Tamén se fará referencia aos datos do titular da instalación e demais datos de partida.

1.1 Datos xerais: Datos do titular da instalación.

- 1) Nome da persoa física ou xurídica titular da instalación.
- 2) Número de identificación fiscal (NIF) ou código de identificación fiscal (CIF).
- 3) Domicilio (rúa ou praza, número, localidade, provincia e código postal).
- 4) Teléfono, fax; correo electrónico.

1.2 Características xerais da estación transmisora: Características técnicas xerais da estación transmisora.

Incluiranse aquí todas as informacións das características iniciais da estación que figuran no correspondente Plan técnico nacional ou, se é o caso, as que foron autorizadas e as características que se proxectan (localización da estación, polarización, potencia radiada aparente, etc.). Así mesmo, incluírase unha relación das localidades ás cales se pretende dar cobertura, así como unha descrición xeral da estación transmisora e, se é o caso, da rede á cal pertence. Indicarase se a estación se corresponde cun centro emisor ou transmisor principal ou se se trata dun reemisor.

- 1) Nome da estación que, xeralmente, corresponderá á denominación da localidade a que se dá servizo, ou ao nome da demarcación, ou ao nome da localización.
- 2) Localización da estación ou estacións transmisoras con indicación das cordenadas xeográficas, en graos, minutos e segundos, e a cota respecto do nivel do mar, ou ben do seu enderezo postal.
- 3) Canle radioeléctrica de traballo e características da emisión:

- a) Indicarase a canle ou as canles radioeléctricas da múltiple ou múltiples dixitais que figuran no correspondente Plan técnico nacional ou, se é o caso, as que fosen notificadas pola Administración xeral do Estado e os correspondentes programas emitidos.
- b) Se é o caso, nome da estación de onde procede o sinal ou sinais primarios.
- c) Desprazamento de portadoras.
- d) Sistema de modulación utilizado.
- e) Código convolucional (FEC).
- f) Modulación xerárquica.
- g) Intervalo de garda.
- h) Capacidade máxima ofrecida pola interface radio.
- i) Número de canles dixitais emitidas na múltiple ou múltiples dixitais e referencia delas.

j) Emisión apta para terminais portátiles segundo estándar DVB-H.

k) Denominación da emisión (largo de banda necesario, tipo de modulación, natureza dos sinais, tipo de información, detalles dos sinais, natureza da multiplexación).

4) Características técnicas de deseño da estación transmisora ou, se é o caso, da rede de estacións:

a) Equipo ou equipos transmisores (marca, modelo, potencia nominal e referencia á marcación CE).

b) Cálculo da potencia de saída do transmisor. Efectuarase tomando como base a potencia radiada aparente inscrita no correspondente Plan técnico nacional ou, se é o caso, o notificado pola Administración xeral do Estado, e a ganancia do sistema de antenas, as perdas das liñas de transmisión, conectores, repartidores e demais elementos da instalación.

c) Descrición detallada da composición do sistema radiante utilizado (marca, modelo, número de elementos e ganancia respecto ao dipolo de media lonxitude de onda).

d) Torre ou mastro soporte de antenas, especificarase a altura física da torre ou mastro soporte do sistema de antenas, os cálculos mecánicos da estrutura, así como da altura do centro eléctrico da antena sobre o chan, tendo en conta, se é o caso, a altura do edificio sobre a cal se instale.

e) Cálculo das alturas efectivas, definidas como a altura do centro eléctrico da antena sobre o nivel medio do terreo entre as distancias de 3 e 15 km a partir da base de antena e nos acimuts de que se trate, expresadas en metros (m). Especificarase as alturas efectivas cada 10 graos nos trinta e seis acimuts comprendidos entre o norte xeográfico (que define a referencia 0 graos) e 350 graos, no sentido das agullas do reloxo.

f) Polarización das emisións.

g) Diagrama de radiación, especificando as direccións ou sectores de máxima radiación e o diagrama nos diferentes acimuts.

h) Caso de se tratar dunha rede de estacións, descrición do sistema de sincronización utilizado.

i) Caso de se tratar de reemisores:

i) Sinais e niveis das múltiples de TDT recibidos.

ii) Características da antena receptora e dos cables de transmisión.

iii) Sistema de cancelación de ecos.

j) Descrición do sistema de alimentación de enerxía da instalación.

5) Cálculo da cobertura radioeléctrica da estación, con indicación das localidades e zona xeográfica ás cales se pretende dar o servizo de televisión dixital terrestre e o seu número de habitantes segundo o último censo do Instituto Nacional de Estatística.

6) Protección das instalacións aeronáuticas, das estacións de socorro e seguranza, dos observatorios de radioastronomía e de astrofísica, das estacións terreas de seguimento e control de satélites, dos centros de comprobación técnica de emisións, etc.

Incluírase neste punto o estudo da protección requirida polas instalacións aeronáuticas, estacións de socorro e seguranza, observatorios de radioastronomía e de astrofísica, estacións terreas de seguimento e control de satélites, centros de comprobación técnica de emisións, etc., que se encontren na súa zona de influencia, en conformidade coas servidumes establecidas pola lexislación vixente. No caso particular das servidumes aeronáuticas achegarase, se procede, a autorización da Dirección Xeral de Aviación Civil, e indicarase, se é o caso, a sinalización e o balizamento nocturno que se adoptou na torre ou mastro soporte do sistema de antenas.

7) Protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

Neste punto incluíranse os estudos que se deben realizar para cada estación, para a protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, de conformidade coas condicións establecidas pola lexislación vixente (Orde CTE/23/2002, do 11 de xaneiro, de desenvolvemento do Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas):

- a) Cálculo e medida dos niveis de exposición radioeléctrica.
- b) Estudo dos niveis de exposición no contorno.
- c) Determinación do volume de referencia.

8) Protección de seguranza da estación transmisora.

Neste punto incluíranse os sistemas de seguranza adoptados na estación transmisora, en virtude da normativa vixente, para evitar os danos que se poidan producir por descargas eléctricas, tales como pararraios, tomas de terra do mastro e dos equipos e instalacións eléctricas, cerca do recinto, etc.

- a) Descrición dos sistemas de protección fronte ás descargas eléctricas.
- b) Descrición dos sistemas de detección e protección contra incendios.
- c) Descrición da cerca perimetral do recinto da instalación.
- d) Liñas de vida.

2. Planos

Neste punto incluírase un mapa topográfico (ou porción de plano), orixinal ou escaneado, editado polo Instituto Xeográfico Nacional, polo Servizo Xeográfico do Exército ou, se é o caso, polo instituto autonómico correspondente, a escala 1:50.000, reflectirase de forma destacada a localización exacta do lugar elixido. Se a antena se atopa situada no interior de núcleo urbano achegarase tamén o correspondente plano urbano.

Opcionalmente, poderase achegar un mapa orixinal ou escaneado do Instituto Xeográfico Nacional, ou do Servizo Xeográfico do Exército ou, se é o caso, do instituto oficial autonómico correspondente, de escala adecuada para representar a cobertura radioeléctrica estimada coa identificación clara das localidades cubertas. Non obstante, a zona de servizo da estación ou, se é o caso, da rede de estacións, será a especificada nos correspondentes plans técnicos nacionais. As zonas de cobertura radioeléctrica que desbordan a zona de servizo non se encontran protexidas fronte á interferencia prexudicial actual ou futura.

O plano de planta da estación, debidamente acotado, representará a localización do equipo transmisor, a distribución da liña de transmisión, e a situación do sistema de antena.

O plano de alzado, debidamente acotado, mostrará a altura total de mastro soporte do sistema de antenas, a altura do centro eléctrico e, se é o caso, a altura do edificio, ata o chan, expresadas en metros (m).

O esquema do sistema de antenas especificará a súa composición, configuración e características, incluíndo como mínimo todas as partes constituíntes, o número de elementos e a súa identificación, así como a ganancia

máxima, os acimuts de máxima radiación, a polarización e a frecuencia de deseño.

Cando se utilicen sistemas de antenas directivos, incluírase o diagrama de atenuacións no plano horizontal e o diagrama de atenuacións no plano vertical nos acimuts de máxima radiación e noutras direccións significativas.

3. Prego de condicións técnicas.

O prego de condicións constituirá a parte do proxecto técnico en que se describan os equipos, materiais e demais elementos da instalación, de forma xenérica ou ben particularizada.

A) No prego de condicións técnicas incorporaranse os certificados de declaración de conformidade, e a marcación CE de todos os equipos e demais elementos da estación, ou da rede de estacións.

B) Detallaranse as seguintes características técnicas xenéricas e completas do equipo recollido na elaboración do proxecto das instalacións:

1) Marca, modelo, configuración, características eléctricas e mecánicas dos equipos transmisores.

2) Paneis, distribuidores, liñas de transmisión (ríxidas e cables), conectores, repartidores, cadros de conmutación de antenas, combinadores de radiofrecuencia dos elementos dos sistemas de antenas.

3) Se é o caso, marca, modelo, configuración, características eléctricas e mecánicas dos equipos que conforman a cabeceira da rede de estacións (multiplexores, codificadores de audio, inseridores de datos, etc.).

4) Se é o caso, marca, modelo, configuración, características eléctricas e mecánicas dos equipos de codificación nas sedes dos provedores de servizo.

5) Se é o caso, marca, modelo, configuración, características eléctricas e mecánicas dos equipos de transporte, control e supervisión da rede de estacións.

6) Se é o caso, marca, modelo, configuración, características eléctricas e mecánicas dos equipos de sincronización da rede de estacións.

C) Relación da normativa técnica aplicable (UIT; ETSI; AENOR; etc.).

4. Orzamento e medidas

O orzamento de execución, desagregado en sistema transmisor, sistema radiante, instalación e tracexamento, poderá estar referido a unha única estación ou a un conxunto de estacións que integran unha mesma rede.

No orzamento incluírase, cando menos, a seguinte información:

- a) Descrición de cada elemento da estación.
- b) Custo unitario de equipos e compoñentes.
- c) Custo total do equipo e compoñentes.
- d) Custo da man de obra requirida.
- e) Orzamento total da estación.
- f) Se é o caso, orzamento global das estacións da rede.
- g) Custo da obra civil, se procede.

5. Apéndice

Nos apéndices ao proxecto técnico incluírase unha folla resumo cos datos do proxecto técnico e unha ficha de características técnicas de cada estación radioeléctrica.

A) Folla resumo

A folla resumo ten por obxecto expoñer de forma rápida os datos de identificación do titular da instalación e algúns elementos esenciais do proxecto técnico.

O código de expediente que corresponda a cada estación será asignado pola Administración xeral do Estado ao recibir o proxecto de nova estación e deberase facer referencia a este no sucesivo sempre que se envíe calquera documentación relacionada cunha mesma estación (modificacións, etc.).

| | | | | | | | |
|--------------------|-----------|-----------------|-----------|-----|----------|--|--|
| Datos do titular | | | | | | | |
| CIF/NIF | | Nome do titular | | | | | |
| Vía | Domicilio | | | Nº | C.postal | | |
| Localidade | | | Municipio | | | | |
| Provincia | | | | Tlf | Fax | | |
| Correo electrónico | | | | | | | |

| | | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|--|
| Datos da estación | | | | | | | |
| Código expediente | | Nome da estación | | | | | |
| Localidade | | Municipio | | | | | |
| Provincia | | | | | | | |
| Localización | | Rede de estacións | | | | | |
| Canle/s | | | | | | | |
| Superficie zona servizo (km ²) | | Densidade de poboación (habitantes/km ²) | | | | | |

| | | | | | | | |
|--------------------|--|----------------------|--|--|-----|--|--|
| Datos do enxeñeiro | | | | | | | |
| NIF | | Titulación | | | | | |
| Número colexiado | | Colexio profesional | | | | | |
| Correo electrónico | | | | | Tlf | | |
| Nº visado proxecto | | Data visado proxecto | | | | | |
| Nº visado anexo | | Data visado anexo | | | | | |

B) Ficha de características técnicas.

Características radioeléctricas e xeográficas para estacións de televisión dixital terrestre

| | |
|-----------|--|
| 1.- Nome: | 2.- Denominación da emisión: 8M00X7FXF |
|-----------|--|

| | | | |
|----------------|----------------|---------------|---------------|
| 3.- Provincia: | 4.- Lonxitude: | 5.- Latitude: | 6.- Cota (m): |
|----------------|----------------|---------------|---------------|

| | |
|------------------------------|--|
| 7.- Canle | |
| 8.- Frecuencia central (MHz) | |
| 9.- Desprazamento (Hz) | |
| 10.- Tipo de desprazamento | |

| | | |
|--------------------------|----------------------------|-------------------------------------|
| 11.- Sistema de emisión: | 12.- Número de portadoras: | 13.- Intervalo de garda (μ s): |
|--------------------------|----------------------------|-------------------------------------|

| | |
|-----------------------------------|--------------------|
| 14.- Retardo relativo (μ s): | 15.- Polarización: |
|-----------------------------------|--------------------|

| | | |
|---|---|-------------------------|
| 16.- Ángulo elevación H ($^{\circ}$): | 17.- Ángulo elevación V ($^{\circ}$): | 18.- Altura antena (m): |
|---|---|-------------------------|

| | | |
|--------------------------|--------------------------|---------------------|
| 19.- p.r.a. máx. H (kW): | 20.- p.r.a. máx. V (kW): | 21.- Directividade: |
|--------------------------|--------------------------|---------------------|

22.- Diagrama de atenuación horizontal (dB):

| | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| 0 $^{\circ}$ | 10 $^{\circ}$ | 20 $^{\circ}$ | 30 $^{\circ}$ | 40 $^{\circ}$ | 50 $^{\circ}$ | 60 $^{\circ}$ | 70 $^{\circ}$ | 80 $^{\circ}$ | 90 $^{\circ}$ | 100 $^{\circ}$ | 110 $^{\circ}$ | 120 $^{\circ}$ | 130 $^{\circ}$ | 140 $^{\circ}$ | 150 $^{\circ}$ | 160 $^{\circ}$ | 170 $^{\circ}$ |
| 180 $^{\circ}$ | 190 $^{\circ}$ | 200 $^{\circ}$ | 210 $^{\circ}$ | 220 $^{\circ}$ | 230 $^{\circ}$ | 240 $^{\circ}$ | 250 $^{\circ}$ | 260 $^{\circ}$ | 270 $^{\circ}$ | 280 $^{\circ}$ | 290 $^{\circ}$ | 300 $^{\circ}$ | 310 $^{\circ}$ | 320 $^{\circ}$ | 330 $^{\circ}$ | 340 $^{\circ}$ | 350 $^{\circ}$ |

23.- Diagrama de atenuación vertical (dB):

| | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| 0 $^{\circ}$ | 10 $^{\circ}$ | 20 $^{\circ}$ | 30 $^{\circ}$ | 40 $^{\circ}$ | 50 $^{\circ}$ | 60 $^{\circ}$ | 70 $^{\circ}$ | 80 $^{\circ}$ | 90 $^{\circ}$ | 100 $^{\circ}$ | 110 $^{\circ}$ | 120 $^{\circ}$ | 130 $^{\circ}$ | 140 $^{\circ}$ | 150 $^{\circ}$ | 160 $^{\circ}$ | 170 $^{\circ}$ |
| 180 $^{\circ}$ | 190 $^{\circ}$ | 200 $^{\circ}$ | 210 $^{\circ}$ | 220 $^{\circ}$ | 230 $^{\circ}$ | 240 $^{\circ}$ | 250 $^{\circ}$ | 260 $^{\circ}$ | 270 $^{\circ}$ | 280 $^{\circ}$ | 290 $^{\circ}$ | 300 $^{\circ}$ | 310 $^{\circ}$ | 320 $^{\circ}$ | 330 $^{\circ}$ | 340 $^{\circ}$ | 350 $^{\circ}$ |

| |
|----------------------------------|
| 24.- Altura efectiva máxima (m): |
|----------------------------------|

25.- Alturas efectivas radiais (m):

| | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| 0 $^{\circ}$ | 10 $^{\circ}$ | 20 $^{\circ}$ | 30 $^{\circ}$ | 40 $^{\circ}$ | 50 $^{\circ}$ | 60 $^{\circ}$ | 70 $^{\circ}$ | 80 $^{\circ}$ | 90 $^{\circ}$ | 100 $^{\circ}$ | 110 $^{\circ}$ | 120 $^{\circ}$ | 130 $^{\circ}$ | 140 $^{\circ}$ | 150 $^{\circ}$ | 160 $^{\circ}$ | 170 $^{\circ}$ |
| 180 $^{\circ}$ | 190 $^{\circ}$ | 200 $^{\circ}$ | 210 $^{\circ}$ | 220 $^{\circ}$ | 230 $^{\circ}$ | 240 $^{\circ}$ | 250 $^{\circ}$ | 260 $^{\circ}$ | 270 $^{\circ}$ | 280 $^{\circ}$ | 290 $^{\circ}$ | 300 $^{\circ}$ | 310 $^{\circ}$ | 320 $^{\circ}$ | 330 $^{\circ}$ | 340 $^{\circ}$ | 350 $^{\circ}$ |

26.- Observacións:

| |
|--|
| |
|--|

Notas aclaratorias complementarias:

1. Os proxectos técnicos poderanse presentar, alternativamente, en soporte papel ou en soporte informático. Non obstante, os estudos e certificacións sobre protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas presentaranse sempre en formato electrónico.
2. A estrutura proposta para os proxectos técnicos permite a posibilidade de redactar un único proxecto para varias estacións do mesmo servizo e pertencentes á mesma rede, con moitas características de equipos e sistemas radiantes comúns, como é o caso das estacións de televisión dixital terrestre pertencentes á mesma rede de frecuencia única. Tamén se pode referir o proxecto técnico a varias estacións de TDT, situadas na mesma localización, pertencentes a diferentes redes, como é o caso das estacións utilizadas en zonas de baixa densidade de poboación para complementar a cobertura. Nestes casos, ben que a memoria e o prego de condicións técnicas poden ser comúns, deberanse incorporar as características de cada estación e o seu orzamento de forma individualizada (por exemplo, mediante apéndices á memoria). A Administración abrirá, se é o caso, un expediente individualizado por cada unha delas. Igualmente, o ficheiro XML para a presentación dos datos de cada estación e os estudos dos niveis de exposición radioeléctrica deberá estar particularizado para cada estación.
3. O código de expediente que corresponda a cada estación será asignado pola Administración xeral do Estado ao recibir o proxecto de nova estación e deberase facer referencia a este no sucesivo sempre que se envíe calquera documentación relacionada cunha mesma estación (modificacións, etc.).
4. A encadernación do proxecto técnico en soporte papel incluírá en portada o título do proxecto especificando a estación ou a rede e a frecuencia de emisión ou canle radioeléctrica, segundo o caso, así como o nome do autor, a súa titulación profesional, o seu número de colexiado, e a data de elaboración do proxecto. En soporte electrónico, o proxecto técnico poderase presentar en calquera dos formatos electrónicos habituais (disquete, CD-ROM, DVD, ou vía internet) incluíndo na capa a mesma información que en soporte papel.
5. O proxecto técnico presentarase nun único exemplar destinado ao órgano competente da Administración xeral do Estado. Non obstante, no caso de estacións cuxa concesión para a prestación do servizo fose outorgada por unha comunidade autónoma presentarase tamén unha copia destinada a esta.
6. Para maior información en relación coa presentación de proxectos técnicos; coas servidumes aeronáuticas e radioeléctricas; cos cálculos e medidas dos niveis de exposición radioeléctrica; cos formatos para a presentación electrónica, etc., pódese consultar a páxina web da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, www.mityc.es/Telecomunicaciones/, na sección de formularios administrativos, parte de Normas e modelos para proxectos de radio e televisión.

ANEXO III

Protocolo de medidas radioeléctricas e xeográficas para emisores, reemisores e *gap-fillers* de televisión dixital terrestre

| IDENTIFICACIÓN DA INSTALACIÓN | | | |
|-------------------------------|--|--------------------------|------------|
| Nome: | | Denominación da emisión: | |
| Lonxitude: ° ' " | Latitude: ° ' " | Cota: m | Provincia: |
| Termo municipal: | | Código postal: | |
| Datos do proxecto: | Número de visado: | | |
| | Número de expediente administrativo: | | |
| | Data de aprobación pola Administración (se procede): | | |

| IDENTIFICACIÓN DOS INTERVENIENTES NA EXECUCIÓN DA INSTALACIÓN | | | |
|---|-----------------------|---------------------|------------------|
| Promotor da instalación: | Nome: | | |
| | Enderezo: | | |
| | Poboación: | | Código postal: |
| | Municipio: | | Provincia: |
| | Persoa de contacto: | | |
| Proxectista: | Nome: | | |
| | Enderezo: | | Código postal: |
| | Poboación: | | Provincia: |
| | Correo electrónico: | | |
| Director de obra: | Titulación: | | Nº de Colexiado: |
| | Nome: | | |
| | Enderezo: | | Código postal: |
| | Poboación: | | Provincia: |
| Correo electrónico: | | | |
| Empresa instaladora: | Titulación: | | Nº de Colexiado: |
| | Nome ou razón social: | | |
| | Enderezo: | | Código postal: |
| | Poboación: | | Provincia: |
| Nº rexistro SETSI: | | Correo electrónico: | |

CARACTERÍSTICAS DAS EMISIÓNS

| | | | | |
|---|--|-------------------------------------|--------------------------------|--------------------------------|
| Tipo de emisión TDT: | <input type="checkbox"/> Nacional | <input type="checkbox"/> Autonómica | <input type="checkbox"/> Local | <input type="checkbox"/> Móbil |
| Canle de emisión da múltiple dixital 1: | Centro de procedencia do sinal primario: | | | |
| | Operador da rede de difusión: | | | |
| | Entidades de TV habilitadas: | | | |
| Canle de emisión da múltiple dixital 2: | Centro de procedencia do sinal primario: | | | |
| | Operador da rede de difusión: | | | |
| | Entidades de TV habilitadas: | | | |
| Canle de emisión da múltiple dixital 3: | Centro de procedencia do sinal primario: | | | |
| | Operador da rede de difusión: | | | |
| | Entidades de TV habilitadas: | | | |
| Canle de emisión da múltiple dixital n: | Centro de procedencia do sinal primario: | | | |
| | Operador da rede de difusión: | | | |
| | Entidades de TV habilitadas: | | | |

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO EQUIPO TRANSMISOR

| | | |
|--|----------------------|------------------|
| Marca: | Modelo: | Nº serie: |
| Potencia nominal: W | Potencia traballo: W | |
| Tipo de cable transmisor-sistema radiante: | Lonxitude cable: m | Perdas cable: dB |
| Cancelación de ecos (se procede): | | |

SISTEMA RADIANTE

| | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|--|------|-------------------|------|---------------------------|------|------|------|----------------------|--|------|------|-----------|------|------|------|------|------|
| Tipo de mastro: | | Altura do mastro: | | | | | | | | | | | | | | | |
| Tipo de antena: | | | | Marca: | | | | Modelo: | | | | Ganancia: | | | | | |
| Altura antena: m | | | | Altura efectiva máxima: m | | | | Número de elementos: | | | | | | | | | |
| Ángulo acimut H: ° | | | | Ángulo elevación V: ° | | | | Directividade: | | | | | | | | | |
| Diagrama de radiación horizontal (dB): | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 0° | 10° | 20° | 30° | 40° | 50° | 60° | 70° | 80° | 90° | 100° | 110° | 120° | 130° | 140° | 150° | 160° | 170° |
| 180° | 190° | 200° | 210° | 220° | 230° | 240° | 250° | 260° | 270° | 280° | 290° | 300° | 310° | 320° | 330° | 340° | 350° |
| Diagrama de radiación vertical (dB): | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 0° | 10° | 20° | 30° | 40° | 50° | 60° | 70° | 80° | 90° | 100° | 110° | 120° | 130° | 140° | 150° | 160° | 170° |
| 180° | 190° | 200° | 210° | 220° | 230° | 240° | 250° | 260° | 270° | 280° | 290° | 300° | 310° | 320° | 330° | 340° | 350° |
| Outras antenas instaladas sobre o mesmo soporte: | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Tipo de descargador electrostático: | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Toma de terra para o mastro: Ω | | | | | | | | | Sección do cable de posta á terra: mm ² | | | | | | | | |
| Sinalización diúrna: | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Sinalización nocturna: | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Distancia aproximada á liña aérea de transporte de enerxía máis próxima: | | | | | | | | | | | | | | | | | |

| CARACTERÍSTICAS XERAIS DA INSTALACIÓN |
|--|
| Sistema de posta á terra da instalación (incluíranse os valores medidos da toma de terra). |
| Sistema de alimentación de enerxía da instalación: |
| Sistema de alimentación de reserva da instalación: |
| Sistema de protección contra incendios da instalación: |
| Sistema de protección contra intrusión da instalación: |

ZONA DE COBERTURA

Medidas de intensidade de campo dentro do sector de radiación do sistema radiante. Débese buscar o punto cuxa intensidade de campo (en dB μ V/m) se achegue a $3 + 20 \log f$ (f en MHz) e calcular a distancia en km en liña recta ao transmisor. As medidas faranse utilizando unha antena de tipo logarítmico periódica situada sobre un mastro de 10 m, en lugares o máis despexados posible.

Medirase a taxa de erro (BER) para cada unha das medidas de intensidade de campo realizadas.

Os datos proporcionaranse de acordo coa seguinte táboa:

| Acimut (°) | Distancia (km) | Nivel de intensidade de campo (dB(μ V/m)) e taxa de erro (BER) | | | | | | | | Localidades |
|---------------|-------------------|---|-----|--------------------|-----|--------------------|-----|--------------------|-----|-------------|
| | | C1 | | C2 | | C3 | | C4 | | |
| | | DB (μ V/m) | BER | DB (μ V/m) | BER | DB (μ V/m) | BER | DB (μ V/m) | BER | |
| | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | |

Realizaranse medidas, cando menos, cada 10° dentro do sector definido polo sistema radiante e unha medida en cada unha das localidades incluídas na zona de cobertura.

Municipios incluídos na zona de cobertura (con indicación de se a cobertura é total ou parcial), estimación da poboación incluída na zona de cobertura, mapa do servizo xeográfico nacional da escala adecuada. Especificaranse os sinais analóxicos de TV presentes na zona de cobertura.

| MEDIDAS DE NIVEIS DE EXPOSICIÓN | | | | | | | | | |
|--|------------|---------------------------------|---|-------------------------------|---|-----------------------------|---------------------------|---------------------|----------------------------------|
| Modelo 1 (Aplicable a certificacións de estacións instaladas, cuxas medicións se realicen na FASE-1) | | | | | | | | | |
| Equipo de medida utilizado: | | Marca: | | | Modelo: | | | Nº serie: | |
| | | Data última calibración: | | | | | | | |
| | | Valor do limiar de detección: | | | | | | | |
| Antena utilizada: | | Marca: | | | Modelo: | | | Lonxitude de cable: | |
| Datos das mediacións: | | Código de estación: | | | | Data de realización: | | | |
| | | Técnico responsable: | | | | Nº total de medicións (*): | | | |
| Localización do punto de media respecto do soporte de antenas. | | Hora de inicio de cada medición | Nivel de referencia (W/m ²) (1) | Nivel de referencia (V/m) (2) | Nivel de decisión (W/m ²) (3) | Nivel de decisión (V/m) (4) | Valor medido de media (5) | Valor calculado (6) | Diferenza (3)-(5) ou (4)-(5) (7) |
| Distancia (m) | Acimut (º) | | | | | | | | |
| (8) | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |

Notas aclaratorias:

- (1), (2) Segundo o Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, en función da frecuencia.
- (3), (4) Segundo se sinala no procedemento para a realización das medidas de emisión.
- (5) Nas unidades sinaladas en (1) ou en (2), se as medicións estivesen por debaixo do limiar de detección do equipo. Sinálese "< limiar". Para as estacións proxectadas indíquese o nivel preexistente.
- (6) Cubrir unicamente para o caso de estacións de nova instalación.
- (7) Caso de resultar a diferenza negativa, deberanse realizar medicións na FASE-2.
- (*) (8) Cúbrase un rexistro por cada medición levada a cabo. O número destas non será inferior a cinco.

Modelo 2 (Aplicable a certificacións de estacións instaladas, cuxas medicións se realicen na FASE-2 ou 3)

| | | | | | | | | |
|--|------------|---------------------------------|--------------------------|-------------------------------|-------------------------------|----------------------------|------------------------|--|
| Equipo de medida utilizado: | | Marca: | | Modelo: | | Nº serie: | | |
| | | Data última calibración: | | | | | | |
| | | Valor do limiar de detección: | | | | | | |
| Antena utilizada: | | Marca: | | Modelo: | | Lonxitude de cable: | | |
| Datos das medicións: | | Código de estación: | | | | Data de realización: | | |
| | | Técnico responsable: | | | | Nº total de medicións (*): | | |
| Localización do punto de media respecto do soporte de antenas. | | Hora de inicio de cada medición | Frecuencia de medida (1) | Nivel de referencia (V/m) (2) | Nivel de referencia (A/m) (3) | Valor medido (V/m) (4) | Valor medido (A/m) (5) | Supera o nivel de 40 dB inferior ao nivel de referencia (SI ou NO) (6) |
| Distancia (m) | Acimut (°) | | | | | | | |
| (7) | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

Notas aclaratorias:

- (1) Indíquese a frecuencia do máximo de sinal na banda analizada.
- (2), (3) Segundo o Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, en función da frecuencia.
- (4) Nas mesmas unidades sinaladas en (2).
- (5) Soamente se cubrirá nas medicións de campo próximo.
- (6) Sinálese SI ou NON segundo proceda.
- (*) (7) Cúbrase un rexistro por cada medición levada a cabo.

Observacións:

| | |
|---|-------------------------------|
| | |
| Sinatura e selo da empresa instaladora: | Sinatura do director de obra: |

APÉNDICE

Definicións

a) Xestor da múltiple: a entidade que, de acordo cos requisitos establecidos nos artigos 2 e 3 desta orde, está encargada da organización e coordinación técnica e administrativa dos servizos e medios técnicos, xa sexan compartidos entre as distintas entidades habilitadas ou de titularidade exclusiva dunha soa delas, que deban ser utilizados para a adecuada explotación das canles dixitais que integran a dita múltiple dixital.

b) Entidade habilitada: prestador do servizo de televisión dixital terrestre á cal se asignase a xestión e explotación dunha canle dixital mediante xestión directa ou indirecta a través do correspondente título habilitante para o uso do dominio público radioeléctrico.

c) DVB (Digital Video Broadcasting): Consorcio internacional constituído por máis de 260 institucións (radiodifusores, fabricantes, operadores de rede, desenvolvedores de software, organismos reguladores, etc.) encargado de propor os procedementos para a transmisión de sinais da televisión dixital. As especificacións aprobadas no seo deste grupo son adoptadas como normas polo Instituto Europeo de Normalización das Telecomunicacións (ETSI).

d) Identificador de Rede Orixinario (Orixinal_Network_id): Parámetro de 16 bits que identifica o sistema de distribución orixinario. O identificador asignado por DVB (Digital Video Broadcasting) ao conxunto das emisións da televisión dixital terrestre en España é o valor 8.916 e é único.

e) Identificador de Rede (Network_id): Parámetro de 16 bits que identifica a rede de entrega entendéndose

como tal a correspondente a unha zona cuberta por unha serie de centros de transmisión que dependen dunha única cabeceira ou punto de inserción de servizo. Utilízase un único valor para todas as transmisións desde cada cabeceira ou punto de inserción de servizo (SIP). O identificador de rede será por tanto o mesmo para todas as múltiples dixitais pertencentes á mesma rede.

A asignación de código recollida na norma ETSI TR 101 162 é por zonas xeográficas, en grupos de 256 valores de código por zona. O rango de valores asignado para o sistema de distribución orixinario correspondente á televisión dixital terrestre española é de 12.545 a 12.800.

f) Identificador de Trama de Transporte (Transport_Stream_id): Parámetro de 16 bits que identifica de forma unívoca unha múltiple dixital dentro de cada sistema de distribución orixinario, é dicir, debe tomar un valor diferente para cada unha das distintas múltiples dixitais existentes no sistema de distribución correspondente á televisión dixital terrestre española.

O rango de posibles valores é de 0 a 65.535, correspondentes aos 16 bits reservados para este parámetro nas táboas que constitúen a «Información de servizo DVB».

g) Identificador de Servizo (Service_id): Parámetro de 16 bits que identifica cada un dos servizos prestados dentro do sistema de distribución orixinario, é dicir, debe tomar un valor diferente para cada un dos distintos servizos que se presten no sistema de distribución correspondente á televisión dixital terrestre española.

O rango de posibles valores é de 0 a 65.535 correspondentes aos 16 bits reservados para este campo nas táboas que constitúen a «Información de servizo DVB».